

BAIONA

Baiona se llena de solidaridad con el libro “O Barco do Nadal”

Redacción 16 Horas Ago 0 3 Mins



A escritora e ilustradora Soledad García fai realidade o soño de Conchi Estévez, fundadora da asociación Aire de Mar.

O Multiusos de Sabarís acolleu a presentación do libro solidario “O Barco do Nadal”, nun acto no que Baiona mostrou a máxima solidariedade.

Hai catro meses, Conchi Estévez, coñecida como a muller do sangue branco pola enfermidade ultrarara que padece, contactou coa escritora minorá Soledad García para que lle escribira un libro sobre a súa vida e a súa iniciativa solidaria. O obxectivo era que a obra puidese recadar fondos para a asociación Aire de Mar, que permite que nenas e nenos con enfermidades oncolóxicas ou raras poidan gozar de travesías no mar, coñecer as illas e vivir a ilusión do Barco do Nadal.


Soledad García volcouse completamente coa causa e dedicou todo o seu tempo libre a escribir, ilustrar e maquetar a obra, que viu a luz o pasado 28 de febreiro, coincidindo co Día Mundial das Enfermidades Raras.

Durante a presentación, a escritora confesou que o barco ilustrado foi inspirado na Carabela A Pinta e a emoción vivida durante o proceso creativo: "Cando xa non podía máis, pensaba nas nenas e nos nenos que Conchi visita nos hospitais a loitar contra esas enfermidades tan crueis, e con esa forza seguía, seguía e seguía ata hoxe facelo realidade."

O acto contou co contaconto e a interpretación da canción das guerreiras e guerreiros pola escritora, e un homenaxe de Conchi a súa nai que cumpría 83 anos.

O acto contou co apoio institucional do Concello de Baiona. A diputada provincial Paula Bouzós, O alcalde, Sito Almuíña xunto cos/coas concelleiras de Cultura, Educación e Política Social, respaldaron a iniciativa reforzando a visibilidade e o apoio institucional a este proxecto solidario.

Todas as persoas interesadas en colaborar coa causa poden contactar coa asociación Aire de Mar, impulsada por Conchi Estévez.



Tagged: **BAIONA**